



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

X leislatura
Serie Deputación Permanente
Número 6

**Sesión da Deputación Permanente
6 de marzo de 2020**

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPG79bK1ewZe4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ORDE DO DÍA

1.1. Escrito dos GG.PP. dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista e Mixto, polo que solicitan á Mesa que se proceda á convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente [doc. núm. 63609 (10/SCDP-000005)]

1.2. Escrito dos GG.PP. dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista e Mixto, polo que solicitan á Mesa que se proceda á convocatoria urxente dunha reunión da Deputación Permanente [doc. núm. 63620 (10/SCDP-000006)]



SUMARIO

Ábrese a sesión ás doce do mediodía.

Logo de abrir a sesión, o señor presidente solicítalle á secretaria da Mesa que comprobe a asistencia. (Páx. 5.)

A señora secretaria (Blanco Rodríguez) le a relación dos membros da Deputación Permanente, que van confirmando a súa asistencia ou, se é o caso, informando das substitucións. Finalizada a comprobación, comúncalle ao señor presidente a existencia de quórum. (Páx. 5.)

A señora Rodil Fernández (BNG) pide a palabra e intervén para formular unha solicitude de inclusión dun novo punto na orde do día. O señor presidente, logo dunha consulta co membro dos Servizos Xurídicos que asiste á sesión, transmítelle que non é posible esa modificación da orde do día por non cumprir a dita solicitude todos os trámites regulamentarios previos necesarios. (Páx. 5.)

Petición dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto de comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para explicar as relacións do seu goberno cos cargos de Pemex imputados por presunta corrupción (documento núm. 63609)

Petición do GG. PP. dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto de comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para explicar a relación do secretario de Emigración do seu goberno coas informacións que apuntan a supostas ilegalidades na Embaixada española en Venezuela nos anos 2015 e 2016; e da comparecencia do conselleiro de Sanidade para explicar a actuación da súa consellería pola morte dun traballador no porto da Coruña tras un infarto, despois de agardar media hora por unha ambulancia (documento núm. 63620)

O señor presidente procede a informar sobre a ordenación do debate e os tempos de intervención dos grupos. (Páx. 7.)

Rolda dos grupos proponentes: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 7.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 8.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 10.) e Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 12.)

Rolda dos grupos non proponentes: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 14.)

Rolda de réplica dos grupos proponentes: Sr. Rodríguez Estévez (M) (Páx. 18.), Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 19.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 20.) e Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 21.)

Votación das solicitudes de convocatoria da Deputación Permanente, por parte dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto, nas que se piden as seguintes comparecencias: comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para explicar as relacións do seu goberno con cargos de Pemex imputados por presunta corrupción;



comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para explicar a relación do secretario de Emigración do seu goberno coas informacións que apuntan a supostas ilegalidades na Embaixada española en Venezuela nos anos 2015 e 2016; comparecencia do conselleiro de Sanidade para explicar a actuación da súa consellería pola morte dun traballador no porto da Coruña tras un infarto despois de agardar media hora por unha ambulancia: rexeitada por 10 votos a favor, 12 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 23.)

Remata a sesión á unha e dous minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás doce do mediodía.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Damos comezo á sesión desta Deputación Permanente. E para iso prégoles á secretaria, a señora Blanco, que proceda á comprobación de asistencias.

A señora SECRETARIA DA MESA (Blanco Rodríguez): Moi bo día, señorías.

Luís Manuel Álvarez Martínez: Si.

Raquel Arias Rodríguez: Si.

Moisés Blanco Paradelo: Si.

Gonzalo Caballero Míguez (*Substituído por Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.*)

Francisco José Conde López (*Substituído por Moisés Rodríguez Pérez.*)

María de los Ángeles Cuña Bóveda: Si.

Alberto Núñez Feijóo (*Substituído por Marta Rodríguez Arias.*)

Ana Belén Pontón Mondelo (*Substituída por María Montserrat Prado Cores.*)

Paula Prado del Río: Si.

Pedro Puy Fraga: Si.

Olalla Rodil Fernández: Si.

Cristina Isabel Romero Fernández: Si.

Alfonso Rueda Valenzuela (*Substituído por José Alberto Pazos Couñago.*)

Antón Sánchez García: Si.

Carmen Santos Queiruga: Si.

Miguel Ángel Tellado Filgueira: Si.

Gonzalo Trenor López: Si.

Patricia Vilán Lorenzo: Si.

Luís Villares Naveira (*Substituído por David Rodríguez Estévez.*)

Miguel Ángel Santalices Vieira: Si.

Diego Calvo Pouso: Si.

Noela Blanco Rodríguez: Si.

Hai quórum, presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora secretaria.

Na orde do día, como saben, hai un único punto.

(A señora Rodil Fernández pide a palabra.)

O señor PRESIDENTE: Diga, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Tiña unha cuestión de orde previa, presidente, con base no artigo 72.4 do Regulamento.



Desde o BNG queríamos solicitar a inclusión dun punto na orde do día por razón de urxencia para demandar a comparecencia dos conselleiros de Sanidade e Economía para falar dos protocolos, medios e actuacións que se están a desenvolver fronte ao coronavirus. Cremos que a transparencia e a información son, ademais dun dereito fundamental, necesarias para evitar posíbeis alarmismos, que non cremos que se teñan que producir no noso país. Parécenos que se debería incorporar á orde do día e suscitar tamén hoxe este debate.

Máis nada e grazas.

O señor PRESIDENTE: Ben, infórmanme os servizos xurídicos de que este é un asunto que non foi solicitado. Entón toda alteración da orde do día ten que ser sometida, supoño, a unha votación, como é este caso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, no papel non consta. Ela formulouno agora. Formúloa agora verbalmente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Documento non o hai, eu non teño coñecemento del. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Di o letrado, con acerto, que se non está rexistrado... O documento ten que ser cualificado antes pola Mesa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Din os servizos xurídicos que ten que estar rexistrado. *(Murmurios.)* O letrado é o que controla este asunto e di que ten que estar rexistrado. Non nos consta documento ningún. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O letrado di que é preceptivo que teñamos un documento para que poida ser analizado, neste caso non pola Mesa do Parlamento senón pola Mesa da Deputación Permanente. Teríamos que cualificalo. E despois iso someteríase á consideración nun debate. Isto é o que transmite o letrado e, entón, saben que aquí o proceder sempre foi o que digan os letrados, é o que vai á misa.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Si, o artigo 72.4, ao que eu me refería, di que, por razóns de urxencia, a inclusión nesa orde do día dunha iniciativa por petición dun grupo parlamentario podería facerse mesmo se non cumprise os trámites regulamentarios. Pono o artigo 72.4. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Pero el di que ten que formalizarse. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Ben, entón, queda aclarado este asunto.

Estaba dicindo eu que imos debater dous documentos; en concreto, os números 63609 e 63620. E infórmoos dende a Presidencia de que o debate o imos facer de xeito acumulado, incluíndo os dous documentos. Haberá unha rolda de defensa conxunta das dúas peticións por parte dos grupos parlamentarios que o solicitaron, por un tempo total de vinte minutos que repartiremos entre os distintos grupos. Posteriormente, o grupo non proponente terá un tempo para fixar a súa posición, tamén de vinte minutos. E despois haberá unha rolda de réplica de dez minutos, que serán repartidos entre os grupos proponentes.

Petición dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto de comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para explicar as relacións do seu goberno cos cargos de Pemex imputados por presunta corrupción (documento núm. 63609)



Petición do GG. PP. dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e Mixto de comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para explicar a relación do secretario de Emigración do seu goberno coas informacións que apuntan a supostas ilegalidades na Embaixada española en Venezuela nos anos 2015 e 2016; e da comparecencia do conselleiro de Sanidade para explicar a actuación da súa consellería pola morte dun traballador no porto da Coruña tras un infarto, despois de agardar media hora por unha ambulancia (documento núm. 63620)

O señor PRESIDENTE: Entón comezamos, se lles parece.

Ten a palabra, en primeiro lugar, por un tempo de cinco minutos, o Grupo Parlamentario Mixto, o señor Rodríguez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Ben, grazas, presidente.

Resulta curioso que haxa catro grupos propoñentes e que o único grupo que non o propón teña o mesmo tempo que cada un dos grupos. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Podía haber outros dous grupos que non estiveran de acordo e entón habería que repartir o tempo.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Cando menos é curioso.

Ben, imos sobre as solicitudes de comparecencia, moi brevemente. Decía o presidente de México: «Estamos limpando de corrupción o Goberno de arriba a abaixo como se barren as escaleiras». E resulta que a corrupción do Goberno mexicano chegou aquí ao noso país, e chegou ao noso presidente, ao señor Alberto Núñez Feijóo. A detención en Marbella do ex-directivo Emilio Lozoya, que estivo prófugo da xustiza —e que mantivo reunións e posou en fotografías co noso presidente e con outros cargos da Xunta— por presuntos delitos de corrupción e de branqueo de capitais, sacudiu o país mexicano, desde onde chegan tamén noticias sobre investigacións que aínda están pendentes.

E, malia que o anuncio de que Ministerio Fiscal mexicano investigaba a compra de Barreras tivo lugar hai uns meses, estaba xa na súa fase final. Partiron dunha auditoría interna encargada polo actual presidente de Pemex, Octavio Romero, o mesmo que a finais de xaneiro poñía o foco nos polémicos acordos coa Xunta e co estaleiro vigués. A prensa mexicana sinalou directamente a Feijóo e a Rajoy polas súas relacións co expresidente Peña Nieto. A operación de Pemex chegou aos niveis máis altos da política mexicana. Entre os sinalados —como se falaba— estaba Lozoya pero tamén Carlos Roa ou José Manuel Carrera, entre outros directivos que negociaron os acordos coa propia Xunta, co presidente Feijóo á fronte. Desde a prensa mexicana sinalaban a Feijóo e dicían que forxara vínculos moi potentes con Lozoya. Pero tamén se apuntaba a Mar Sánchez Sierra, a secretaria xeral de Medios e principal asesora política do xefe do executivo galego.

E este é o legado que a día de hoxe nos deixa outra vez outra estampa do presidente Feijóo: fotos con narcos, episodios desexándolles sorte a proxenetas —como é o caso de Miramon—



tes — ou fotos sempre a carón da corrupción, como é neste caso. E penso que é indigno dun presidente para estar neste cargo que ocupa. As galegas e os galegos non merecen estas fotos cada dous por tres. Parece ser que agora entrou na dinámica e que xa nos ten acostumados a que cada pouco apareza así.

E, por se isto non fose suficiente, pois aparece o tema das ilegalidades na Embaixada española de Venezuela, outra vaca no millo. ¿Quen estaba alí? Membros do consello de administración da Fundación España Salud, que, bueno, o obxecto que ten é prestar atención sanitaria ou médica a emigrantes españois. É unha fundación pública cuxo presidente executivo é o embaixador de España en Venezuela, o señor Silva. E, despois dunha reforma dos seus estatutos, promovida polo presidente Feijóo —con quen o diplomático ten moi boa relación—, pois ao final o presidente volve acabar metido neste sarao.

O Tribunal de Contas xa activou en decembro pasado a altos cargos e dirixentes próximos ao Partido Popular galego para tratar de controlar as consecuencias deste escándalo. Ou sexa, sabían que algo armaran e había que intentar que non saltara —e con perdón— a merda moi lonxe, que salpicara pouco.

Miras Portugal, organizador de polémicos actos institucionais con diñeiro público, en vésperas das campañas alertou a Xunta da conveniencia de liquidar o asunto sen facer moito ruído. E a dirección do Goberno galego deu instrucións ao señor Miranda, ourensán, para que tratase de solucionar unha crise que apuntaba a un compañeiro de partido. E ata o momento tamén se descoñece de modo oficial se alguén reintegrou ao tesouro público esas cantidades reclamadas, que foron utilizadas para actos propagandísticos, para actos de campaña do Partido Popular. O único confirmado é que non o fixo a Fundación España Salud, a pesar dos intentos do Partido Popular de que así fose. Ao final, máis do mesmo.

Nós, dende o Grupo Mixto, pedimos a comparecencia do presidente para dar conta disto, xa que tanto unha como a outra se poden acumular, porque seguimos a falar do mesmo, de corrupción, da corrupción do Partido Popular coa conivencia sempre do presidente Feijóo, que, por extensión, se acaba convertendo tamén nun corrupto.

Pola miña parte, nada máis e grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Nós tamén, como cuestión inicial, queriamos deixar constancia da desconformidade do noso grupo coa repartición e distribución dos tempos que se está a facer, que, desde o noso punto de vista, non se axusta ao necesario equilibrio.

E vou con tres cuestións. Intentarei ser sintética, xa que só temos cinco minutos. As tres cuestións son moi graves e nós entendemos desde o BNG, e por iso solicitamos tamén esas



solicitudes —valla a redundancia— de comparecencia, que entendemos que pola súa gravidade teñen que ser explicadas neste Parlamento.

A primeira é o que apadriñou o señor Feijóo, como máximo representante da Xunta de Galiza, na compra de Barreras por Pemex, o que negociou coas persoas que foron detidas ou están a ser investigadas por un presunto caso de corrupción por parte da xustiza mexicana. Non só é que os directivos cos que o presidente da Xunta se reuniu e cos que dicía ter unha alianza estratéxica están detidos ou imputados —temos que lembralo e, ademais, están aí as hemerotecas e as notas de prensa da propia Xunta de Galiza para dar testemuño disto—, senón que ademais as operacións do señor Feijóo coa petroleira mexicana, con Pemex, remataron bastante mal para este país. Non é só por esa imaxe que se daba coas detencións —despois de estar, por certo, en busca e captura algúns dos seus directivos—, senón porque lembrarán todas e todos que en campaña electoral no ano 2012 se anunciaba a bombo e prato a sinatura e os compromisos de construción dunha boa cantidade de barcos que finalmente non se construíron. E lembremos que non hai tanto tempo acabou o propio estaleiro Barreras ao bordo da quebra.

Leva o Partido Popular e o propio Feijóo semanas intentando desviar a atención, intentando facer crer á sociedade deste país que a venda de Barreras a Pemex non tiña nada que ver coas investigacións por presunta corrupción que se están a desenvolver en México. E non sei se intentaban facernos crer, coma se fósemos parvas, que o das fotos con Lozoya —difundidas pola propia Xunta de Galiza, lembremos— non era Feijóo, non, senón alguén que se lle parecía moito.

En segundo lugar, cremos que é importante que se compareza tamén nesta Cámara para explicar a que se dedicaba o xa exsecretario de Emigración, o señor Rodríguez Miranda. Lembremos —por situarnos na actualidade— a que se dedicaba o agora candidato do Partido Popular nas listas de Ourense nas súas funcións como alto cargo da Xunta de Galiza e que hai de certo nesas informacións que apuntan directamente a un intento por tapar con cartos públicos as corruptelas e o caciqueo de membros do Partido Popular na Embaixada española en Venezuela nos anos 2015 e 2016; diñeiro negro para pagar favores electorais —como apunta o Tribunal de Cuentas nas súas investigacións— e o señor Rodríguez Miranda intentando tapar esas presuntas corruptelas con máis diñeiro público. É gravísimo e necesítase tamén unha explicación neste organismo que se mantén no Parlamento de Galiza para saber a que se dedican os altos cargos da Xunta de Galiza, do Partido Popular, nas súas funcións.

E, en terceiro lugar, e tamén pola gravidade do acontecido, porque non é a primeira vez que acontecen feitos destas características no noso país e entendemos que non pode volver repetirse, cremos que ten que comparecer o conselleiro de Sanidade nesta Deputación Permanente para explicar o que aconteceu cos servizos sanitarios no porto da Coruña, en Punta Langosteira, onde faleceu un traballador —lembremos— agardando por unha ambulancia despois de ter sufrido un infarto. Media hora tarda inicialmente o primeiro vehículo en chegar —como foi denunciado pola organización sindical á que pertencía este traballador—. Media hora esperando a que chegase e a primeira ambulancia que chega nin sequera conta co equipamento necesario para poder prestar a debida atención que necesitaba ese traballador. Insisto en que non é a primeira vez que vivimos unha situación destas características



neste país. É absolutamente inadmisíbel que, nunha democracia como a galega, un dereito fundamental como é o dereito á saúde non se estea prestando coas debidas garantías. E cremos que o mínimo que se pode pedir é que compareza o responsábel no ámbito de Sanidade no noso país dentro deste Parlamento e diante deste organismo, como é a Deputación Permanente. Veremos, nos vinte minutos que ten o Partido Popular para explicarse, cales son os argumentos que se utilizan para, moito tememos, negar estas comparencias.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario do Grupo Común da Esquerda, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Si, bos días.

O caso de Pemex podería titularse «De fariña a narcos, temporadas de México».

A alianza estratéxica para o futuro do naval galego anunciada polo señor Feijóo en *prime time* na Televisión de Galicia, convertida por este señor en «Tele-Partido Popular» —unha forma máis de corrupción do Partido Popular—, acabou convertida, en realidade —e era realidade xa naquel momento—, nunha alianza cun entramado corrupto en México, o entramado corrupto máis importante que está investigando o novo goberno de México, que quere limpar, quere limpar de corrupción a súa estrutura. Pero como tamén coñecemos o Partido Popular, que é [o partido máis corrupto de Europa] (*Expresión retirada do Diario de Sesións, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, por orde do señor presidente.*), era en realidade un acordo entre o partido máis corrupto de Europa e un entramado corrupto de México.

Por iso falo de «fariña», claro. Para iso as experiencias do señor Feijóo nos anos noventa foron vitais para moverse como peixe na auga nestes contextos e nestes ecosistemas. A súa relación nos anos noventa con Marcial Dorado achegándose a un dos poderes que había naquel momento neste país, continuada naquelas viaxes pola ría de Arousa, por Suíza, polos Picos de Europa ou Andorra —*sólo sé que había nieve*— e a súa amizade e relación continuada durante anos servíronlle para chegar a México e moverse con grande facilidade con este tipo de persoas e chegar a un acordo. Iso si, cando se publicitou a Alianza estratéxica para o futuro do naval galego, interrompeuse a emisión da Televisión de Galicia para asinar en directo este acordo mentireiro, este acordo mentireiro. Cando se detivo o señor Lozoya, en cambio, nin un minuto, nin unha palabra para explicar a relación entre Lozoya e o señor Feijóo. Parecía un caso de política internacional: «*Detenido un delincuente mejicano en Marbella*» —*que nada tiene que ver con el señor Feijóo*—. Esa utilización da Televisión de Galicia tamén é corrupción.

Foi un anuncio mentireiro tamén polo fiasco que supuxo anunciar 20 buques máis unha base loxística no porto exterior da Coruña rematado en dous floteis que deixaron buratos millonarios e con Barreras en quebra técnica —co señor García Costas, un home do Partido Popular, un home de confianza do señor Feijóo, que traballou sempre para o Partido Popular, incluso traizoando os seus compañeiros empresarios na provincia de Pontevedra—. Acabou nun auténtico fiasco.



O señor Feijóo di que non ten nada que explicar. ¿Acaso alguén pensa que cando fai tratos cun entramado corrupto a outra parte non se mancha ou non está implicada?

Pero, ademais, o señor Feijóo mente en declaracións públicas, mente cando nega o papel do señor Lozoya nos acordos, cando quen oficializa a compra de Barreras é o señor Lozoya en maio de 2013. Ata en cinco ocasións o señor Feijóo se reuniu co señor Lozoya, ¡en cinco ocasións! —e hai fotografías polo menos de tres ocasións—. El foi o que oficializou a compra de Barreras. Mente o señor Feijóo cando di que el non fixo tratos con este señor e co señor Carrera Panizzo e co señor Roa. Mente á cidadanía e, polo tanto, si que ten que explicar no Parlamento galego un caso tan grave como o do que estamos falando, polas mentiras tamén do presidente. Por moito que minta, non pode deixar de ser un escándalo que o presidente da Xunta de Galicia minta neste caso.

Corrupción tamén é o acontecido en Venezuela —o *modus operandi* do Partido Popular durante anos e anos—: a utilización de diñeiro público na emigración para comprar votos e o recurso ao mercado negro para sacar plusvalías para organizar eses actos propagandísticos electorais. É unha auténtica vergoña o proceder no que estaba metido tamén o señor Rodríguez Miranda, que o coñecemos de vello tamén: ese Rodríguez Miranda que tamén estaba en Ospaña, que levou ao desastre en Buenos Aires a ese centro galego e ao servizo sanitario para as e os emigrantes galegos.

E tamén hai outro punto polo que solicitamos comparecencia. É pola morte dun traballador en Punta Langosteira despois de tardar unha ambulancia máis de media hora en chegar, e para falar tamén da situación deficitaria dos servizos de ambulancias e sinalar aquí que Feijóo incumpriu unha vez máis a súa palabra. Prometeu no Parlamento galego unha ambulancia medicalizada para a comarca do Deza e, como vimos hai pouco co caso da morte dunha persoa, descubrimos que non había ambulancia medicalizada na comarca do Deza. Hai un vehículo que non ten esa categoría asistencial e que deixa de funcionar ás oito da tarde. Unha vez máis mente en sede parlamentaria e aquí ninguén cre ter a obriga de vir dar explicacións ao Parlamento galego por unha mentira que pode custar mortes á xente.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Señor Sánchez, voulle pedir que retire a expresión «Partido Popular, o partido máis corrupto de Europa».

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Como non hai un ránking oficial, pois non sei se é o máis corrupto, pero non o vou retirar.

O señor PRESIDENTE: Non, non, perdoe, estoulle pedindo que...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non o vou retirar.



O señor PRESIDENTE: ¿Non o vai retirar? Entón, aínda que non me gusta facer isto, teño que facelo. Chámoo á orde e queda retirada esa expresión.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Sei que lle custa moito pero...

O señor PRESIDENTE: Vostede mesmo a provocou. E mire que estamos hoxe no día no que estamos. Pero xa me dirá vostede se iso non lesiona a dignidade dun grupo. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Alá vostede!, pero queda retirada e, consecuentemente, ten unha chamada á orde.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, e fóra dos temas que nos traen a debate hoxe, eu tamén me quero sumar a esta queixa xeneralizada sobre os tempos dos que estamos a dispoñer. Evidentemente, desde un punto de vista estritamente aritmético, 20 entre 4 dá 5. Non hai nada que obxectar. Pero tamén se dá a circunstancia de que, se fose ao revés e o Partido Popular propuxese unha comparecencia, cada un dos grupos teríamos 5 minutos para manifestar o noso criterio a favor ou en contra. Polo tanto, hai un certo desequilibrio.

En todo caso, indo xa ao asunto, que é o importante. O día 14 de marzo do ano 2014, a Secretaría Xeral de Emigración fai pública unha nota, que aínda está dispoñible para todo o que a queira consultar na *web* da Xunta de Galicia, na que di que o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, «agradeceu hoxe ao director xeral de Pemex, Emilio Lozoya Austin, que se cumprise o acordo estratéxico asinado en Galicia, pois iso —sinalou— demostra que as relacións entre Galicia, España e México son unhas relacións non soamente estreitas, senón cada vez máis intensas e satisfactorias».

Analicemos, polo tanto, o nivel de intensidade e, consecuentemente, de satisfacción que proporcionaron estes acordos.

Xa se dixo aquí todo o relativo ao *prime time* en campaña electoral no que se prometeran unha serie de construcións que ían beneficiar estaleiros públicos e privados, con buques, unha base loxística en Punta Langosteira, dous floteis, tres tanques, un atuneiro, un barco de apoio, un buque hotel, renovación de parte da frota, dous quimiqueiros, varios remolcadores, etc. E esta era a gran fazaña do presidente Feijóo naquel momento con Pemex, co señor Lozoya, que asinaba este acordo, este contrato, coma se fose un episodio máis non de «Galicia para o mundo», senón para o universo completo: «Miren vostedes o que somos capaces de facer».

¿Cal é a realidade, polo tanto, e a intensidade do logro, da consecución, de todos estes aparentemente brillantísimos anuncios de contratación? Pois ben, a situación na que está Barreras, a situación de construción, na que houbo dous floteis construídos co resultado económico ao que se fixo referencia antes. E, polo tanto, nada de nada de nada. Foi unha brillantísima operación, iso si, de publicidade e propaganda por parte do señor Feijóo.



E agora resulta que o señor Feijóo non tivo nada que ver co señor Lozoya porque non están investigando de momento nada do relativo a todos estes contratos. Pero parece ser que polo menos no caso de Barreras si que hai unha investigación en marcha. Sería interesante que o señor presidente da Xunta comparecese para explicar cal foi a relación da Xunta de Galicia con Emilio Lozoya; por que nunca chegaron os 20 buques anunciados durante a campaña electoral do 2012 —a ver se nos enteramos dunha vez de que foi o que pasou con todo isto—; por que se nega calquera tipo de vinculación con Emilio Lozoya cando no ano 2013, xa dirixida Pemex por Lozoya, adquiriu un 51 % de Barreras co beneplácito e recoñecemento do presidente da Xunta de Galicia; por que se nega agora calquera tipo de vinculación con independencia do extenso arsenal fotográfico que existe no que aparecen xuntos en numerosos actos. Polo tanto, sería moi interesante que o señor presidente da Xunta comparecese para explicarnos todo isto.

En relación co segundo asunto, temos ese aparentemente macabro cambio de moeda oficial no mercado negro —e creo que todos os que estamos aquí, que somos maiorciños, sabemos de onde saen os cartos do mercado negro—, para cambiar e branquear cartos procedentes de actividades ilícitas. Este señor ao que se fixo referencia aquí repetidas veces, o señor secretario xeral de Emigración, Rodríguez Miranda, parece que tivo unha participación activa. Digo «parece» porque non podo afirmar que fose así. Sería ben que nolo explicasen. (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Dixen «parece», que parece que tivo unha participación activa, nun intento de salvar a outro compañeiro doutra comunidade autónoma, na desaparición, desvío, traslado, cambio ou como queiran chamarlle, de fondos destinados a atender nada máis e nada menos que situacións de extrema emerxencia social e sanitaria. E xogamos con eses cartos. Parece que non é unha actividade excesivamente limpa. E, desde logo, non é que o diga un medio de comunicación. É que hai un informe e hai unha acta xa do Tribunal de Cuentas no que queda acreditado que houbo un organismo interposto que non estaba lexitimado desde o punto de vista legal para xestionar esas axudas. Non existe ningún tipo de documentación de quen foron os beneficiarios dese tipo de axudas. E, polo tanto, sería interesantísimo que se comparecese para explicar cal é a participación do Goberno da Xunta de Galicia, directamente a través do señor secretario xeral de Emigración, nese escuro episodio.

E, por último —porque estou quedando, evidentemente, sen tempo grazas á división aritmética de 20 entre 4—, respecto da cuestión da desgraciada morte dun traballador en Punta Langosteira, chove sobre mollado, como xa dixo. Sería importante saber o que pasou con toda esa mobilización de ambulancias —primeiro foi unha de soporte vital básico, e foi necesario enviar unha segunda ambulancia de soporte vital avanzado—. Polo tanto, é importante que se poida saber o que pasou nese tempo no que é requirido o servizo de asistencia sanitaria para un traballador que estaba infartado. E, sobre todo, porque creo que son xa —como xa se dixo aquí— demasiados casos con características similares —A Estrada, Punta Langosteira, hai dous días en Lalín— e, polo tanto, ao mellor temos que analizar e alguén ten que dar explicacións do que pasa con todo este tipo de incidencias.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.



Ben, como vexo que todos os grupos que foron intervindo teñen dúbidas sobre como se xestou o do tempo, pois para fixar o tempo tómase como referencia o doutras deputacións permanentes que se foron celebrando. Aquí hai dous documentos, e eu xa falei de debate acumulado. Se só fose un documento, serían dez minutos que eu tería que repartir entre os grupos que propoñen. E os grupos non propoñentes terían un tempo similar. Pero podería haber tamén dous grupos que non propuxeran e tería que repartir o tempo. Como son dúas cuestións, acumulei. Entón son vinte minutos e teño que lles dar o mesmo tempo. Isto é histórico, sempre se fixo así. Agora, outra cousa é, claro, que en función do número de deputados poida haber un grupo que poida propoñer el só. Pero iso non se dirime aquí, iso é nas eleccións. Iso xa é outra historia.

Entón, agora imos coa rolda do grupo non propoñente —neste caso o Grupo Parlamentario Popular— por un tempo de vinte minutos.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

E tamén moitas grazas á oposición, porque no acto de hoxe está a facer un magnífico epílogo do que foi toda esta lexislatura e de como traballou en boa parte desta lexislatura unha oposición que basicamente fai oposición con base en rumores tendenciosos, en suposicións, en especulacións, cando non directamente en falsas noticias, ou que recorre directamente ao que en termos coloquiais e do dicionario se chama «difamar», que é afectar o bo creto dunha persoa dicindo cousas que non son.

Evidentemente, con este acto e con estas intervencións, a oposición retrátase. Non ten un só argumento. Os argumentos que utiliza no debate son directamente argumentos *ad hominem* e falsos, e no fondo o único que expresan é a súa debilidade como oposición e, evidentemente —polo momento no que estamos— a súa fonda debilidade electoral. Convocan esta Deputación Permanente só para facer ruído, ruído que non ten nada detrás, e co único obxectivo, no fondo, de recoñecer a súa incapacidade para poñerse de acordo en nada positivo, nunha alternativa, e nin sequera para poñerse de acordo para falar dos problemas que afectan a cidadanía. Nestes momentos hai problemas importantes, que pasan por decisións que están a adoptar desde o Goberno en Madrid, que teñen preocupadas as familias de Alcoa, as familias do naval, etc.

Polo tanto, é unha forma curiosa de rematar esta lexislatura, e eu agradézoilles esta magnífica síntese e resumo de cal foi o labor da oposición nos últimos anos.

Sobre a cuestión de Venezuela, piden que compareza o presidente —cito literalmente a petición— «para explicar a relación do secretario xeral de Emigración coas informacións que apuntan a supostas ilegalidades». ¡Isto é impresionante!

¿Que hai aí? Aí hai unha actuación do Tribunal de Contas que dá base a unha información que sae nun diario dixital, unha información sobre unha actuación do Tribunal de Contas que non é pública e, ata onde eu sei, son unhas dilixencias previas, nin sequera está en fase de axuizamento pola sección de axuizamento do Tribunal de Contas. Hai unha de-



nuncia contra o Ministerio de Emprego e Seguridade Social de Madrid por unha xestión de axudas asistenciais nos anos 2015 e 2016, e hai unicamente dúas persoas que están baixo ese expediente de instrución, que eran o consejero de Empleo y Seguridad Social do Ministerio, que tiña o seu posto na embaixada en Venezuela, e o secretario da mesma misión comercial.

A xestión, efectivamente, é cuestionada porque, en vez de darlles as axudas directamente aos emigrantes, deullas a unha fundación, e a fundación foi a que tramitou esas axudas. O primeiro que hai que destacar é que a fundación era pública e que o procedemento por alcance que está sendo investigado polo Tribunal de Contas non é polo uso que se deu a eses cartos, senón simplemente porque entenden que era xestión directa e non se lle podía traspasar o diñeiro á Fundación España Saúde. E por iso os responsables son os dous cargos da embaixada, que foron no seu día os que fixeron a transferencia á Fundación España Saúde.

Eles din que era porque a propia embaixada non podía comprar medicamentos e alimentos nun momento en que os emigrantes estaban tendo fame e non tiñan nin sequera os mínimos medicamentos como consecuencia da hecatombe que provocou o bolivarismo en Venezuela. Pero iso non lle interesa á propia instrutora. A instrutora o único que di é que tiñan que facelo directamente desde a embaixada e que o fixeron a través dunha fundación pública, que é a Fundación España Saúde.

Ben, a Fundación España Saúde, que foi creada polo Goberno socialista no ano 2006, estaba presidida na época de autos polo señor Francisco González Otero, que deixou o cargo no ano 2017. E, cando deixa a presidencia da entidade, no seu discurso di o seguinte: «No puedo dejar de nombrar como parte importante en estos inicios al presidente José Luis Rodríguez Zapatero, al exministro de Trabajo y Asuntos Sociales, Jesús Caldera, al exsenador socialista por Ourense Cándido Rodríguez, al embajador Raúl Morodo» —Raúl Morodo, que está sendo investigado, el si, por corrupción—, «al exconsejero de Trabajo y Seguridad Social José Francisco Armas, a la exdiputada gallega Marisol Soneira y a los exdirectores de Emigración Agustín Torres Herrero y Pilar Pin Vega». Como ven, os agradecementos son todos a xente do Partido Popular que xestionaba unha fundación que naquel momento estaba dirixida por persoas do Partido Socialista.

E aparece isto cunha estraña vinculación, que non sabemos como pode chegar ao secretario xeral, dunha información, que xa é que din, que non sei que, que se despois fixo, que deixou de facer..., que el mesmo desmentiu, e que coincide co asunto Delcy —do que si hai unha foto dun señor ministro cunha delincuente por torturar a oposición no seu país—, coincide con que o ministro de Seguridade Social anuncia a fin destas axudas aos emigrantes venezolanos —que están indignados por ese tema—, coincide con que o noso secretario xeral de Emigración tamén denuncia o final destas axudas. E curiosamente, cando se producen esas críticas, aparece nun dixital unha información que o salpica.

¿Vínculo co PPdeG? Eu vexo pouco. ¿Vínculo co presidente da Xunta? Eu non vexo ningún. ¿Que é o que demostra esta actuación? O que dicía ao principio: bota merda que algo sempre salpica e algo queda.



En relación con Pemex eu creo que novamente están vostedes buscando o que non hai. Aquí é a relación do Goberno coas operacións de Pemex que está a investigar a Fiscalía mexicana. A Fiscalía mexicana o que está a investigar, e por iso ordena deter o señor Lozoya, é o caso que todos coñecemos, o caso Odebrecht. O señor Feijóo con quen chegou a un acordo foi coa administración do señor Calderón, sendo o equivalente ao señor Lozoya o señor Suárez Coppel. Vostedes esa foto non a sacan, cando se anuncia o acordo co señor Suárez Coppel, da administración do partido de Acción Nacional, non do Partido Revolucionario Institucional —que é o que está suxeito á investigación—. E cando accede o novo presidente o que di é que vai manter os acordos aos que se chegara coa administración anterior. Polo tanto, o acordo é coa administración anterior e non co señor Lozoya, que simplemente materializa —porque hai un cambio na administración— o contrato. E digo que está investigado polo asunto Odebrecht, unha construtora brasileira, e o asunto é a compra dunha fábrica de fertilizantes en México na época de Peña Nieto. Polo tanto, estamos a falar de algo que non ten nada que ver con Barreras.

Fíxense vostedes que a operación Odebrecht, que ten salpicada toda Hispanoamérica, como se dixo, desde Patagonia á Sierra Madre, é unha operación que ten afectados algúns líderes, como Lula da Silva en Brasil; en Ecuador, a administración de Rafael Correa; en Venezuela, a de Nicolás Maduro. E iso é polo que está imputado ese señor en México. Tamén afectou a administracións doutras cores políticas, a Uribe, en Colombia, ou a Macri, en Arxentina, porque a corrupción do Odebrecht é xeneralizada. E é iso polo que está detido o señor Lozoya.

E vostedes veñen aquí, con isto dunha actuación en relación con Barreras —que el asina formalmente pero que non é quen chega ao acordo—, a dicir que o presidente ten algo que explicar porque tamén está implícito nun asunto de corrupción que afecta a esquerda hispanoamericana, a que vostedes tanto defenden aquí nominalmente. A verdade é que é tamén bastante orixinal.

O feito real, en contra do que dixeron, é que Pemex salvou a Barreras. Se Barreras está hoxe en posibilidades de continuar, é porque no seu momento Pemex veu, e o certo é que se fixeron dous floteis. E, señor Álvarez, aquí explicouse moitas veces —ademais, non ten máis que ver a hemeroteca e a evolución do prezo do petróleo— o que lles pasou a todas as petroleiras, mesmo á venezolana, e os problemas que está a xerar naquel país o prezo do petróleo. Os plans de investimento das petroleiras caeron, e por iso non se lles deu continuidade aos proxectos que tiña Pemex en Galicia. Dito isto, foron dous floteis, un dos cales salvou a Barreras e outro dos cales permitiu carga de traballo en Navantia; por certo, nunha situación moi semellante á de hoxe, onde non hai nada que facer en dous anos ata que comecen unhas fragatas. Sería bo que buscasen un buque de apoio ou calquera outra cuestión.

Respecto da sanidade, eu non vou dicir o que teño escoitado ultimamente, por exemplo, que hai temas que, se se falan en política, é por falta de humanidade da oposición —isto díxoo a actual ministra de Asuntos Sociais—. Non vou dicir, como di o vicepresidente terceiro, que en política, señoría, «*es legítima la confrontación sobre muchos temas, y en este tema ustedes demuestran su profunda indignidad*». Isto é porque a oposición reclamaba que se investigase



unha rede de prostitución nas casas públicas de acollida de menores. Isto considérase indigno tamén, segundo o actual Goberno. Nin sequera vou dicir o que dixo o portavoz do Parlamento vasco cando se lle recriminaba a morte de dous traballadores polo desplome dun basureiro, que dicía: «*Se ha puesto de moda ser miserable en la política mundial, pero no sabía que aquí también*». Eu, desgraciadamente, sabía que aquí de política miserable xa tiñamos visto bastante; en sanidade, moito. Aquí falouse de privatización cando os concertos baixaron, falouse de cobrar por consultas, cando non se cobra por consultas, falouse de pagar aos médicos por altas médicas, falouse de cobrar por durmir no Álvaro Conqueiro, falouse de peche dos comarcais, cando se están ampliando, e falouse de que hai menos prazas, cando realmente hai máis na sanidade pública. E, sen embargo, seguen vostedes coa sanidade ás voltas.

É certo que faleceu unha persoa en Punta Langosteira. Foi atendida. Recibiu o servizo de urxencias unha chamada ás 7.56 e aos 21 minutos tiña unha ambulancia de soporte vital avanzado, que chegou ás 8.29. Polo tanto, faleceu. Igual que ocorreu en Lalín co falecemento dun home, despois de dúas chamadas, unha primeira que non establece o protocolo de máxima urxencia e outra segunda que é atendida en 19 minutos pola ambulancia. Tamén, desgraciadamente, falece no Punto de Atención Continuada de Lalín, pese a estar atendido por un equipo completo de médicos e de persoal de enfermería. Neste caso, como saben, a familia, mesmo veu dicir: «Meu pai non faleceu porque a ambulancia chegase tarde».

Eu lamento que teñamos que falar de mortos e das súas familias, porque a eles o único que hai que darlles é o pésame. O 061 é un servizo que funciona excepcionalmente ben, fíxense vostedes que no mes de febreiro deste ano se mobilizaron 24.872 recursos da rede de transporte sanitario —¡24.872!—, e vostedes están aquí cuestionando uns minutos en dous transportes.

Fíxense, por exemplo, que no caso de Arteixo só no que vai de 2019 se realizaron 3.351 servizos polo 061, pola ambulancia con base en Arteixo, e que a media diaria de servizos en Arteixo é de 9,18; é dicir, máis de nove servizos ao día. Dá igual que os ministros de Sanidade do seu goberno e o delegado do seu goberno estean dicindo que confiemos na sanidade pública, que é magnífica e robusta, para atallar a crise ou a epidemia do coronavirus. Dá igual, vostedes cada vez que unha familia galega sofre unha desgraza, como haxa algo que permita dicir que esa morte é por culpa do Goberno, utilízano. Insisto, eu non vou utilizar a forma de facer política que din os señores da esquerda cando se lles piden explicacións por actuacións públicas como as que acabo de mencionar, pero, certamente, chama a atención.

Remato. Ao inicio desta precampaña houbo un líder —dos tres ou catro líderes que ten a oposición— que dixo que ía poñer o chaleco antibalas. Despois exixiu a comparecencia do señor Feijóo e non veu el persoalmente tampouco pedila. Pero, bueno, en psicoloxía hai unha cousa que se chama «a proxección». A proxección consiste en que cando un ten un defecto, en vez de velo en si, proxéctao nos demais. Iso a un exímeo de responsabilidade, fortalécelle o ego e, sobre todo, tápalle os seus defectos. É culpar a outros do que un fai. É coma cando nos culpan de mentir; o que están facendo realmente é proxectando en nós o que eles mesmos están a facer, demostrando, en definitiva, debilidade de argumentos e tapando cales son os problemas reais do país: o problema das Pontes, o problema das electrointensivas, o



problema da Lei de costas, o problema dos fondos europeos, o problema da cadea alimentaria, o problema da pesca e o *Brexit*, os líos que ten a coalición por leis ou por visitas, as axudas aos emigrantes que se acaban de suprimir, ou como está o naval, sen ir máis lonxe, nestes momentos en Navantia, cos traballadores manifestándose polas rúas.

Eu lamento moito que a oposición vaia por esta vía e que este epílogo resuma un pouco o que foi boa parte da lexislatura; unha lexislatura na que escoitamos insinuacións, maledicencias, difamacións..., igual que hoxe, sen unha soa proba, ¡sen unha soa proba!

En definitiva, non imos aceptar a comparecencia porque non é máis que unha parte máis da súa campaña, dunha campaña especialmente sucia que proxectan en nós con iso do chaleco antibalas, cando son vostedes os que están facendo unha campaña negativa, sucia e *ad hominem*.

Eu creo que non compensa. A miña opinión é que non compensa. Sementar ventos, incluso gañando as eleccións, despois o que fai é que provoca que se recollan tempestades. E, como non compensa, nós imos seguir facendo unha campaña en positivo, defendendo os intereses de Galicia e defendendo a sanidade pública.

Esta intervención, presidente, posiblemente sexa a última que teñamos nesta lexislatura. Eu quero aproveitar para despedirme dos portavoces que están nesta comisión e de moitos deputados porque algúns seguiremos aquí, pero outros non. Quero desexarlles o mellor persoalmente, e politicamente estou seguro de que van ter a sorte que merecen.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Agora pasamos ás réplicas. Xa saben, dous minutos e medio por grupo. Son os tempos. Ao señor Puy sobraronlle oito minutos, pero é o tempo estipulado.

Polo Grupo Mixto, o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Imos embalados.

Repetiu exactamente o señor Puy a entrevista —ademais vina onte; estiven na casa dos meus sogros, en Ourense, e vin Telemiño— que esa canle lle fixo ao señor Feijóo falando de sanidade; fixo exactamente o mesmo. Teñen o discurso moi ben aprendido.

Eu non cuestiono para nada o labor do 061, aquí o que estamos a cuestionar son os recortes na sanidade, que están aí. ¡Home!, ter un pediatra dúas horas á semana nunha comarca enteira, se iso non é recortar..., ou centros médicos de concellos pequenos que están caendo, que están desmantelando. Tamén o que pasou en Verín, no que penso que, ademais, rectificaron, porque vostedes viron que meteran a pata.

Hoxe o que se está a pedir é que compareza o presidente da Xunta para aclarar; xa non pedimos a dimisión, esperemos que a Feijóo o dimitan os galegos e as galegas, as votantes, o



5 de abril. Pero no momento no que estamos, señor Puy, eu non sei se a vostede lle parece pouco grave a relación do presidente co que acaba de pasar, coa corrupción de Pemex. A min paréceme moi grave a defensa, neste caso, do presidente.

Respecto da proxección da que falaba vostede, dígolle que eu teño moitos defectos, pero a miña proxección sobre a corrupción eu non a proxecto en ninguén; eu non son corrupto. (*Murmurios.*) Vostede tampouco, pero moitos membros que estiveron no seu partido, que agora marcharon, foron corruptos. E, entón, iso está aí, é un pasado que o vai perseguir.

E eu tamén me quero despedir deste Parlamento co desexo de que as compañeiras e compañeiros que hoxe están á miña dereita, os que son da dereita, escriban o seu epílogo o 5 de abril, porque o pobo galego non merece o presidente que hoxe temos.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor Rodríguez Estévez.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

¡Vinte minutos para que o señor Puy nos psicanalice ás persoas que formamos parte dos grupos da oposición! ¡Claro, con vinte minutos tamén nos despediamos os demais!

Indo á cuestión dos tres asuntos que nos traen hoxe aquí a debate, se teñen tanta preocupación por calquera outro, aquí todas as forzas que temos representación parlamentaria podemos solicitar convocatorias de deputacións permanentes e solicitudes de comparecencia. Non traballan porque non queren.

E, despois, outra cuestión así, con carácter xeral, das tres; despois falarei das outras en concreto. Eu creo que cando non se quere dar a cara é porque hai algo que ocultar, porque, se todo está tan ben e todo é tan maravilloso, non creo nin vexo razón ou motivo ningún para non vir aquí dar a cara, porque teñen unha curiosa visión —creo— da democracia, da participación política e do dereito á información. O dereito á información é iso, é un dereito, e non se pode vir aquí acusar a quen pedimos e reclamamos transparencia e o dereito a coñecer a verdade sobre as cousas de que vimos facer pouco máis que atacar e intentar, dalgunha maneira, coartar o Goberno.

Eu creo que incluso rozan entre o ridículo e o insultante algunhas das cuestións que se dixeron aquí. Intentar facer crer aquí por enésima vez —dicíao na primeira intervención— que non se está investigando a compra de Barreras por Pemex cando hai —e de aí sae a investigación xudicial da Fiscalía mexicana— unha auditoría da propia Pemex en xullo de 2019 dicindo que hai irregularidades, que non aparecen documentos que acreditan a compra dese estaleiro e dos encargos que a Barreras se lle fixeron por parte de Pemex, eu non sei se é que pensan que nacemos onte, que somos parvas, de verdade, ou se se cren vostedes máis listos que os demais.



E acceder á información é coñecer o que aconteceu neste país cando tiñamos un presidente que non só danzaba por aí, senón que se declaraba director comercial —recordemos—, situado ao lado do señor Lozoya, entre outro dos cargos, ou excargos de Pemex, imputados ou, no seu caso, xa detidos. Creo que o mínimo é que se veña aquí a esta Cámara, onde reside a soberanía nacional, aínda que pequena deste país, para dar as explicacións pertinentes; e, insisto, polo dereito que temos todos e todas neste país a acceder á información sobre que fan os nosos responsables políticos.

E despois outra cuestión brevemente. Decía vostede, señor Puy: as familias merecen o pésame. Non, non, as familias o que merecen é información e saber como é posible que un traballador de 38 anos, ao que lle dá un infarto no seu centro de traballo, espere media hora para que veña unha ambulancia, e a que chega nin sequera ten o equipamento que precisa para poder atendelo. Iso é o que merece a familia do traballador...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...de Punta Langosteira, que é o polo que se pide aquí a comparencia do conselleiro de Sanidade.

Eu remato tamén desexándolles no persoal todos os éxitos e, no político, que falen as galegas e os galegos, que son os que teñen que decidir a quen poñen no seu lugar.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Común da Esquerda, o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: escoitar esa teoría da proxección por parte do portavoz do Partido Popular, acusando de difamar á oposición... O que ten que facer é aplicarse a teoría da proxección cando nos acusa a nós de difamacións, e lembremos como chegou aquí o señor Feijóo ao Goberno, incluso con difamacións a nivel persoal nas familias dos candidatos —e non me fagan falar—. Iso si que é a proxección, señor Puy.

Dicir que acusamos sen probas cando falamos da corrupción do Partido Popular é de risa. Dicir que acusamos sen probas cando estamos vendo un escándalo maior, un escándalo de corrupción actual en México, cun entramado cuxo modus operandi era comprar empresas en quebra con sobrecusto e pagando mordidas —que está sendo investigado pola Fiscalía de México, señor Puy—, dá risa; dan risa os seus argumentos.

Este é o epílogo do señor Feijóo xunto coa foto de Marcial Dorado, a foto con esta xente que está sendo perseguida pola xustiza mexicana, a foto da corrupción. (*O señor Sánchez García amosa unha fotografía.*) Si, non ría, sei que na Televisión de Galicia, na súa realidade paralela, non aparece; na súa realidade paralela non aparece, pero é así.

E ao señor Puy non lle parece importante, suficientemente importante, para que compareza o señor Feijóo, a corrupción. Non lle parece importante a mentira do señor Feijóo, as men-



tiras do señor Feijóo. O señor Feijóo dixo que non acordara nada co señor Lozoya. ¡Mentira! En maio de 2013, cando o señor Lozoya levaba seis meses de presidente, de director xeral de Pemex, asinan a compra de Barreras. En 2014 adxudican os floteis co señor Lozoya. En cinco ocasións se reuniu con el o señor Feijóo. México foi o país a onde máis viaxou o señor Feijóo, continuamente. Xa dixen, movíase moi ben nese ecosistema despois do ensaio, durante os anos noventa, coa relación co narcotráfico. ¿Ou diso non hai probas tampouco, da relación do Partido Popular co narcotráfico, do señor Feijóo co narcotráfico? ¿Non hai probas? ¿Só era una foto pola ría? Non, foi unha relación continuada co narcotráfico, co narco Marcial Dorado.

E é unha mentira continuada o que dixo neste Parlamento de que se ía poñer unha ambulancia medicalizada na comarca do Deza. Non está posta, non hai unha ambulancia medicalizada, como prometeu o señor Feijóo, cando en xullo de 2019 o Pleno do Concello de Lalín, presidido polo Partido Popular, demandou unha ambulancia máis. Iso é unha mentira, pero parece que aquí non escandaliza nada. Na TVG non aparecen as mentiras do señor Feijóo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Non son reais, están fóra da realidade, ¿verdade? Pois si, é a realidade. Prometeu unha ambulancia medicalizada e non a hai, e non pasan máis cousas porque é unha cuestión de estatística, pero, se se promete unha ambulancia medicalizada, hai que cumprir, o resto é mentir.

E en canto ao de Venezuela, non hai probas. Hai un informe do Tribunal de Contas de decembro de 2019 que deixa ben claro como o Partido Popular recorreu ao mercado negro para despois pagar actos electoralistas.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, grazas, señor presidente.

Señor Puy, con todo o cariño, en xusta correspondencia á súa gratuíta sesión de psicanálise sobre como proxectamos os parlamentarios da oposición as nosas propias formas de actuar sobre os demais, permítame tamén dicirlle que existe o fenómeno, tamén en psicoloxía, que se denomina «percepción sesgada», que é reforzar as nosas propias conviccións con argumentos que nos convencen e ignorar toda canta proba contradí a nosa propia convicción. E iso, ao mellor, tamén debería formar parte da psicanálise do propio Partido Popular.

O que dixo a señora Rodil ten todo o acerto, en todo momento, porque me chamou moito a atención esa frase de que as familias o que merecen é o pésame. Claro que si, por suposto que si. É moi de lamentar que se produzan estas circunstancias. Pero estou totalmente de acordo con ela en que merecen, ademais, explicacións. Era o que se pedía aquí nada máis.



Ninguén estaba culpando nin tan sequera dunha mala praxe. Ao mellor, hai unha mala organización sobre a que é necesario debater, reorganizar, analizar. En definitiva, o que se pide nunha comparecencia é transparencia, non un prexuízo.

E con respecto ao resto dos asuntos tamén dentro desa percepción sesgada, ¡joia!, o tema dese suposto cambio no mercado negro de 300.00 euros sae dunha denuncia dun secretario da Consellería de Traballo e Seguridade Social da Embaixada de Venezuela cando chegou alí e se encontrou con todo aquel embolado. É unha denuncia, non o inventou ninguén da oposición; é o propio traballador. (*Murmurios.*) Non, non, é a cuestión sobre a que está investigando o Tribunal de Cuentas. É o que queremos saber; queremos saber que pasou, que participación tivo, se é que tivo algunha, o señor Rodríguez Miranda en todo ese asunto... (*Murmurios.*) Non, non, claro que non está a denuncia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non deberíamos estar dialogando, pero, claro, se me interrompe...

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Quero dicir que isto tampouco é proxección, é unha cuestión que se está a investigar e na que parece que hai unha parte de responsabilidade na actuación do Partido Popular, sobre todo porque hai un procedemento por alcance e instruído sobre un destacado membro do Partido Popular —xa dixeran antes— doutra comunidade autónoma. Está aí, para disposición de todos nós. Non dixeran nada do Partido Popular de Galicia, pero si parece que o Partido Popular de Galicia, segundo certas informacións, estaba implicado na solución dese embolado no que se meteu este señor de Canarias de 312.000 euros —creo—. Hai un procedemento por alcance sobre a xestión de cartos públicos.

E, sobre Pemex, ¿que lle vou dicir de Pemex que non teñan dito xa todos os voceiros e voceiras que me precederon? Algunha explicación deberá darse sobre a participación do Goberno da Xunta de Galicia, directamente do señor Feijóo, sobre unha empresa pública estranxeira que viña rescatar o sector industrial naval de Galicia e que agora está sendo investigada pola parte relativa á compra do 51 % do accionariado do estaleiro Barreras.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Rematado o debate, procedemos á votación.

Podémola facer de xeito conxunto, os dous documentos, ou podemos votar por separado os documentos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, perdón, eu estou someténdoo á consideración de todos. Se non hai problema, votamos de xeito conxunto os dous documentos. (*Asentimento.*)

Votación das solicitudes de convocatoria da Deputación Permanente, por parte dos GG. PP. dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Bloque Nacionalista Galego e do Mixto, nas que se piden as seguintes comparecencias:



-Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para explicar as relacións do seu goberno con cargos de Pemex imputados por presunta corrupción.

-Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para explicar a relación do secretario de Emigración do seu goberno coas informacións que apuntan a supostas ilegalidades na Embaixada española en Venezuela nos anos 2015 e 2016.

-Comparecencia do conselleiro de Sanidade para explicar a actuación da súa consellería pola morte dun traballador no porto da Coruña tras un infarto despois de agardar media hora por unha ambulancia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 12.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas esas solicitudes.

O señor PRESIDENTE: Non hai xa máis puntos.

Eu tamén quería dicir que foi todo moi rápido. Parece que estamos rematando unha lexislatura e xa case empezando outra.


E quería agradecer, en nome da Mesa, o traballo que se fixo e pedir desculpas se en algo a Presidencia, no debate —que xa saben vostedes que isto ás veces pode suceder—, cometeu algún erro. Tamén lles agradezo que o souberan entender.

Quero ter un recordo para dúas persoas que xa non están con nós, dous deputados, que son López Crespo e Raúl Rodríguez —que tampouco os debemos esquecer— e desexarlles a todos o mellor. Eu sempre desexo o mellor que se pode desexar: saúde, que teñan todos saúde, e que a campaña vaia para todos ben. Que gañen os que teñan que gañar, pero que vaia para todos ben. Iso é o que lles desexo.

Nada máis. Moitas grazas.

Remata a sesión á unha e dous minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

